

NAVIA

E OS SEUS TESOUROS

OS NOMES DOS LUGARES



ENCONTRO COA VECIÑANZA E CHARLA DE **GONZALO NAVAZA**

Universidade de Vigo & Real Academia Galega



VENRES, 25 DE SETEMBRO 2026
18 H. ENCONTRO & 19 H. CHARLA



Asociación Veciñal «Emilio Crespo»
San Paio de Navia (Rúa Bravo, 6) VIGO



SORPRESA

NAVIA E OS SEUS TESOUROS

OS NOMES DOS LUGARES

San Paio de Navia é un tesouro a conservar dentro de Vigo. Samil é hoxe unha praia famosa en Galicia e máis alá. Porén, quizais pouca xente sabe que Samil pertence á parroquia de San Paio de Navia, e que non hai moito máis de cincuenta anos, os bois tamén tiñan a sorte de ir xogar á Samil para ser calmados no chamado Amansadouro do Areeiro da Foz. A toponimia -os nomes dos lugares- son a memoria viva da paisaxe e da cultura e, polo tanto, un patrimonio inmaterial que cómpre preservar.

Dentro do proxecto de colaboración entre Normalización Lingüística e a Universidade de Vigo, iniciouse o pasado mes de xullo a recollida de campo dos nomes tradicionais da parroquia de Navia. Actualmente, hai cerca de 150 topónimos recollidos nunha superficie duns 2 km² mais sabemos que ten que haber máis. Logo, co desexo ampliar e conservar este tesouro de Navia, a Asociación Veciñal «Emilio Crespo» de Navia Vello xunto coa técnica do traballo de campo, Iria Presa, organizan un encontro coa veciñanza e unha charla co especialista en toponimia e onomástica, o doutor Gonzalo Navaza Blanco, membro da Real Academia Galega e profesor titular da Universidade de Vigo.

O acto terá lugar este venres 25 de setembro do 2026, ás seis da tarde na Asociación Veciñal de Navia Vello (Rúa Bravo, 6, Vigo). Inicialmente haberá un espazo de conversa coa veciñanza para recoller novos nomes e máis para revisar os mapas e os topónimos xa compilados. E, unha hora máis tarde, ás 7 pm, Gonzalo Navaza obsequiará ao público cunha charla maxistral sobre a orixe dos diferentes nomes de Navia: Pertegueiras, Maráns, Samil, Sucrastos, A Becerreira, As Ufas ou A Candea, entre outros.

Convidamos a todas as persoas con interese e sensibilidade cultural e patrimonial a unirse a este acto, e especialmente á veciñanza de San Paio de Navia. Achego en anexo o cartaz do acto xunto con outro que recolle nomes presentes en documentos históricos pero que actualmente aínda non resultou posible localizalos. Agradecemos a maior cobertura e difusión do evento e quedo a vosa disposición para responder calquera dúbida.

Moitas grazas polo voso tempo e interese.

Saúde e todo o mellor,

Iria Presa

665 687 794

iriapresainvestiga@gmail.com



SORPRESA



Samil, 1936

• BÚSCANSE •

NOMES PERDIDOS EN NAVIA

ABELAL
BALLOTA
CACHADA/CACHARDA
CAIÑAS
CAMPO DA MANDAMASA
CAMPO DE VENTURA
CASTAÑAL
COCHO DA VEIGA
FIGUEIRAS
FORMENTA
GATEÑO: COUTADA E CAMIÑO DO GATEÑO
LAGAR
LARGADOURO DO NORTE
MALLOTA
MATIÑO
OLIVEIRA
OUTEIRO LADRÓN
PANASQUEIRA
PANCENTEA
PUMARIÑO
REGADAS
RIGUEIRAL
SOAVIÑA/SUBAVIÑA
TOUZAS
VIÑIÑA
VIVEIRO



SE RECOÑÉCES ALGÚN, POR FAVOR,
INFORMA NA CULTURAL DE NAVIA.
— MOITAS GRAZAS! —